

CONCELLO  
DE VIGO



# Alt 12

**11º Festival Alternativo**

das Artes Escénicas de Vigo

**07.03 > 11.03 | 2012**

[festivalalt.org](http://festivalalt.org) / [vigocultura.org](http://vigocultura.org)

Alcalde de Vigo: **Abel Caballero Álvarez**

Concelleira de Cultura e Festas: **Isaura Abelairas Rodríguez**

Dirección artística do ALT.: **Lola Correa**

Xefe do servizo de xestión e promoción cultural: **Jesús López Moure**

Coordinador de actividades do ALT.: **Roberto Taboada**

Programación e organización: **Área de Cultura e Festas do Concello de Vigo e NoescaféTeatro A.C.**

Axudante de producción do ALT.: **Ansó Raybaut-Pérez**

Diseño e maquetación: **Natalia Gomes**

Diseño Web: **Kike Pereira Vázquez**

Producción técnica: **PXC Xestión cultural**

Colaboran: **UNIDADE DE IGUALDADE DA UNIVERSIDADE DE VIGO, BANKIA, MARCO, SINSAL.**



## SAÚDA institucional

---

Afrontamos o undécimo Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo, máis dunha década marcada pola ilusión e as ganas de todos aqueles que puxeron en marcha esta novedosa e arriscada iniciativa, un proxecto cultural e emprendedor, por entón angosto, que a cidadanía de Vigo se encargou de encarrilar.

Con toda seguridad, o nacemento e a brillante pervivencia de ALT responde á calidade dunha programación artística ambiciosa e coherente, á implicación e sacrificio dos seus xestores, directores e compañías, á innovación dunha proposta xenerosa e contemporánea. Posiblemente só unha cidade vital como Vigo pode dar cabida e pulo a este caudal creador.

Festivais como este nos axudan a exportar a imaxe da cidade que somos, unha urbe do século XXI, con empuxe, alternativa e singular, envorcada coas súas institucións culturais para estar presentes no máis destacado do panorama internacional. Por isto, desde o Concello de Vigo respaldamos sen fisuras todas as opcións artísticas que fomenten a participación, o pensamento crítico e a inquedanza cultural.

Por último, quero aproveitar estas liñas para agradecer e felicitar aos responsables e implicados no Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo, por afrontar a crise con imaxinación, sen baixar os brazos, sen renunciar aos seus obxectivos; un exemplo a seguir para todos e todas.

Abel Caballero Álvarez  
Alcalde de Vigo

Isaura Abelairas Rodríguez  
Concelleira de Cultura e Festas



## SAÚDA da Directora

---

Benditos sexades os que áinda credes na cultura, porque alcanzaredes o inferno da soildade na que xacen os que pensan, pelexan e perviven nun mundo onde a ignorancia se instalou en forma de ocio pseudocultural que tenta alienar aos de sempre; aos que non teñen máis camiño que seguir as normas, normativas lexisladas e demais absurdices.

A cultura, as artes escénicas, veñen camiñando soas desde tempos inmemorables, por que? Ummm! Ninguén ten resposta. Calan os que non atopan resposta e falan, desde os escenarios e as rúas, os que áinda pensan que o ser humano pode e debe facer algo máis que traballar e ver merdavisión.

O ALT é un gran de area na loita. Un gran anano, pequeno e insidioso que molesta ás veces por non ser conformista, por rebuscar, por suxerir e pouco máis. O ALT sobrevive, bonita ironía despois de once anos. Sobrevivir non está mal, pero na cultura máis “in” máis “out” e más contemporánea, sobrevivir está converténdose nunha fórmula que empeza a cansar aos artistas, aos programadores e aos crentes doutro modo de ver os discursos artísticos. Por que hai que sobrevivir? Por que áinda somos estranos? Por que áinda non está implantada en pleno século vinteún, a idea de novas linguaxes (que van ser vellas antes de chegar a “estar”)… “siglo veinte cambalache, problemático y febril, el que no llora no mama y el que no roba es un gil”…Nese tango está a resposta.

Máis nada. Non sabemos rezar, pero si escribir e loitar. Non sabemos roubar, e non o tentaremos sequera. Só sabemos e queremos que ALT ao igual que outras programacións desta cidade que ocupan axendas internacionais e levan a Vigo ao lugar que lle corresponde, sega ahí. Deus (se existe) nos colla confesados.

Lola Correa  
*Directora reivindicativa*



## II Ciclo adicado ás NOVAS CREADORAS GALEGAS

---

Neste ano difícil, onde a crise económica serve de escusa para recortar conquistas sociais, agochando posicionamientos ideolóxicos contrarios a construír unha sociedade más xusta e igualitaria, a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo segue apostando por promocionar e poñer en valor o talento feminino en artes escénicas contemporáneas co segundo ciclo dedicado ás novas creadoras galegas.

Aposta tamén, na súa colaboración co ALT, por unha cultura rexida por criterios de calidade e afastada dos puramente comerciais onde a presenza da creación feminina sexa significativa.

O ciclo comeza o Día Internacional da Muller con Mónica García, que está a crear os seus últimos traballos en Galicia. Danza contemporánea de alta calidade onde a improvisación con música en directo será a protagonista.

Creatividade feminina comprometida coa realidade actual é a que nos presentan a Compañía das Mariás coa súa obra de denuncia que trata de mulleres que son enganadas para acabar como vítimas de explotación sexual. Falar destas mulleres é xa solidarizarse con elas, invitándonos a reflexionar sobre a súa situación.

Dúas propostas con mirada feminina que sen dúbida será un gran comezo para o ALT 2012.

Anabel G. Penín  
*Directora da Unidade de Igualdade*

		<b>ESPECTÁCULO INAUGURAL ALT.</b>
	<b>MÉRCORES</b> <b>7</b>	<b>20 h</b> CÍA SACUDE DANZA (Cataluña) “Falso giro 2” Danza aérea Lugar: Detrás do Marco
	<b>XOVES</b> <b>8</b>	<b>20 h</b> Programa Novas Creadoras Colabora área de Igualdade da Universidade de Vigo MÓNICA Gª AND SUELEN ESTAR QUARTET (Galicia) <b>TRABALLO ESPECIAL PARA O ALT.</b> Lugar: Vestíbulo do Auditorio Municipal do Concello
	<b>VENRES</b> <b>9</b>	<b>20 h</b> Programa Novas Creadoras Colabora área de Igualdade da Universidade de Vigo CIA DAS MARÍAS (Galicia) “Malena llena eres de gracia” Lugar: Marco
		<b>21:30 h</b> Cía LOSCORDEROS (Cataluña) “El cielo de los tristes” <b>ESTREA EN GALICIA</b> Lugar: Auditorio Municipal do Concello
		<b>21:30 h</b> Cía GUILLERMO WEICKERD (Andalucía) “MaterialInflamable.Versión umployet” <b>ESTREA MUNDIAL</b> Lugar: Auditorio Municipal do Concello
	<b>SÁBADO</b> <b>10</b>	<b>20 h</b> Cía LA COCINA (Euskadi) “Calla y come” <b>ESTREA EN GALICIA</b> Lugar: Marco
		<b>21:30 h</b> Cía LA FILA DE AL LADO (Madrid) “El chico de la última fila” <b>ESTREA EN GALICIA</b> Lugar: Auditorio Municipal do Concello
	<b>DOMINGO</b> <b>11</b>	<b>19 h</b> JORGE DUTOR E GUILLEM MONT DE PALOL (Cataluña) “Y por qué John Cage?” <b>ESTREA EN GALICIA</b> Lugar: Marco
		<b>20:30 h</b> Cía LA TRISTURA (Madrid) “Materia prima” <b>ESTREA EN GALICIA</b> Lugar: Auditorio Municipal do Concello



MÉRCORES  
7 marzo



#### ESPECTÁCULO INAUGURAL

---

## **“GIRO 2”** *Danza aérea* **Cía Sacude Danza (Cataluña)**

Duración: 20' / Detrás do Marco / 20:00 h

Cando non queremos chegar á nosa parada, transformémonos en Sacu e Mica, seres que dan renda solta á nosa imaxinación e a nos mesmos. Nese momento, sen rumbo, entramos nun mundo etéreo, sen atmosfera, fluído e espacial, no que nos movemos con soltura, sentindo o ben estar do momento. Chegando onde sempre quixemos chegar.

Falso giro 2 é un espectáculo de danza vertical, no que se mesturan o teatro, a poesía, a danza, a acrobacia e o audiovisual.

Bailaríns: Mamen Alcázar Casas e Samuel Delgado Martín.  
Arranxos, mesturas e efectos son: Nicolás Martín.  
Idea orixinal e dirección: Samuel Delgado.



XOVES  
8 marzo



TRABALLO ESPECIAL PARA O ALT.

---

**“MÓNICA GARCÍA AND SUELEN ESTAR QUARTET”** *Danza e música en directo*  
**Mónica García (Galicia)**

Duración aprox.: 20' / Vestíbulo do Auditorio Municipal do Concello / 20:00 h

Encontro entre a bailarina e coreógrafa Mónica García e o cuarteto de improvisación libre Suelen Estar Quartet. Nun marco de investigación, o traballo articúlase entorno á idea da escritura instantánea e improvisada. Acción, música e danza xorden da atención ao momento.

Dirección: Mónica García.

Intérpretes: Macarena Montesinos, María José Pámpano, Elena Vázquez, Saúl Puga e Mónica García.



XOVES  
8 marzo



ESTREA EN GALICIA

## “EL CIELO DE LOS TRISTES”

*Teatro físico*

**Cía Los Corderos (Cataluña)**

Duración: 1h 15' / Auditorio Municipal do Concello / 21:30 h

Ningunha hipótese, ningunha conxetura. Terapia ou morte. Inmolación pseudo-psico-filosófica á procura de razóns para seguir seguindo. Acaso non hai outro xeito para entender a existencia que non sexa existir? Unha migración exaltada cara os suburbios mentais que nos desequilibran para así poder tomar inconsciencia. Un lugar onde renovarse ou morrer.

Dirección e interpretación: David Climent e Pablo Molinero.

Deseño iluminación: Conrado Parodi, loscorderos.sc.

Coproducción: loscorderos.sc, Festival Temporada Alta.



VENRES  
9 marzo



---

**“MALENA LLENA ERES  
DE GRACIA”** *Drama actual*  
**Compahía das Mariás (Galicia)**

Duración: 50' / MARCO / 20:00 h

“Doíame cada partícula do meu corpo e sentíame tan suxa por dentro coma por fora. Ata sentía a alma, se é que teño...” RAQUEL HEREDIA  
Patricia é o seu nome de guerra.

Dirección: Noemí Rodríguez.

Intérpretes: Laura Garrido e Helena Varela.

Diseño iluminación: Santiago Montenegro.





VENRES  
9 marzo



VERSIÓN “UMPLEOGET” ESTREA MUNDIAL

---

## “MATERIALINFLAMABLE”

*Danza*

**Guillermo Weichert (Andalucía)**

Duración: 55’ / Auditorio Municipal do Concello / 21:30 h

Só coreográfico no que Guillermo Weickert reflicte e reflexiona sobre o seu vocabulario e a súa linguaxe. O auténtico “material” desta creación é o propio creador e intérprete, o seu movemento e o seu corpo maila relación que establece co espectador. Pero inevitablemente fala tamén do traballo do bailarín, da paixón, das luces e das penumbras que como un motor acenden o movemento. A música de Vitor Joaquim, recoñecido pioneiro da electrónica portuguesa e o deseño de iluminación de Paloma Parra, crean un sólido e impactante universo para este traballo que desde a desnudez e a simplicidade vai desdoblando e articulando progresivamente imaxes de estremecedora beleza.

Coreografía e interpretación: Guillermo Weickert.

Música: Vitor Joaquim / Deseño de Iluminación: Paloma Parra / Fotos: Lidia Ayala  
Xefa de Producción: Toni Hurtado / Producción: El Mandaito



Agencia Andaluza de Instituciones Culturales  
CONSEJERÍA DE CULTURA



SÁBADO  
10 marzo



ESTREA EN GALICIA

---

**“CALLA Y COME”** *Teatro*  
**La Cocina (Euskadi)**

Duración aprox.: 60' / MARCO / 20:00 h

Peza que propón unha viaxe e profundiza nos nosos auténticos motores, no que nos move, alí onde percibimos que comeza a brotar o noso lado máis xenuíño. A todos nos acontecen cousas similares, pero non hai dous copos de neve iguais.

Neste espectáculo indagamos no máis profundo do mar da nosa fraxilidade. Este traballo nace na Fundición de Bilbao a través duns encontros denominados “accidentes para la creación”, unha experiencia para romper os círculos de creación habituais e na que nos acompañou durante quince días Sergi Faustino.

En escena: Na Gomes, Pako Revueltas, Enriqueta Vega.  
Ollo contaminante: Sergi Faustino.



Diablo.es



Diablo.es



SÁBADO  
10 marzo



ESTREA EN GALICIA

---

## “EL CHICO DE LA ÚLTIMA FILA”

Comedia dramática

### La fila de al lado (Madrid)

Duración: 105' / Auditorio Municipal do Concello / 21:30 h

“Desde a última fila ninguén te ve, pero ti os ves a todos.”

El chico de la última fila, como tantas obras de Juan Mayorga, xira en torno ao concepto da posibilidade. E se en vez de pasar isto, acontecera istoutro? A montaxe pretende ser fiel a esa idea. É unha proposta espacial, na que o uso dunha mesa pretende significar diferentes espazos, distintos mundos, opinións, accións, intencións e desexos, que non sempre son visibles. A obra fálanos da curiosidade que xera a observación dos demais. De como os diferentes puntos de vista condicionan dita observación.

Dirección: Víctor Velasco / Texto de Juan Mayorga.

Intérpretes: Miguel Lago Casal, Samuel Viyuela, Olaia Pazos, Natalia Braceli, Rodrigo Sáenz de Heredia, Sergi Marzá.

Diseño iluminación: Eduardo López.



DOMINGO  
11 marzo



ESTREA EN GALICIA

---

## “Y POR QUÉ JOHN CAGE?”

*Novas linguaxes do corpo*

**Jorge Dutor e Guillem Mont de Palol (Cataluña)**

Duración: 50' / MARCO / 19:00 h

Proposta escénica sobre o son e o significado nun discurso dado. O poder do son das palabras. Son como estrutura, como dinámica que viaxa. Discurso sensorial e non significativo. Non queremos significar, ao contrario, queremos designificar para adentrarnos no terreo do sensitivo, do relacional, do perceptivo e do corpóreo. O discurso pode ser calquera discurso. Non é importante o que dicimos, senón como o dicimos, que ferramentas musicais e coreográficas utilizamos para destrozar o texto e sumerxirnos no traballo do intérprete suixerindo e surfeando polas ondas do imaxinario.

Dirección e interpretación: Jorge Dutor e Guillem Mont de Palol.  
Deseño Iluminación: Jorge Dutor.

Sponsors: Producción de Antic Teatre, Barcelona, con el apoyo de A ras de Suelo, Las Palmas de Gran Canaria y Espacios Cómodos de La Porta, Barcelona.



DOMINGO  
11 marzo



ESTREA EN GALICIA

---

**“MATERIA PRIMA”** *Poema dramático*  
**La Tristura (Madrid)**

Duración: 70' / Auditorio Municipal do Concello / 20:30 h

O que esta peza propón é ver aos seres como corpos históricos e políticos desde o seu nacemento. Mensaxeiros, que na súa infinita posibilidade de ser áinda calquera home ou muller, ensinannos a lembrar e pensar. Será capaz de nos asustar a conciencia histórica e política destes rapaces? Farásenos estranxo oílos falar como adultos, ou xa todo resulta habitual?

Dirección: Itsaso Arana, Pablo Fidalgo, Violeta Gil e Celso Giménez.

Intérpretes: Gonzalo Herrero, Lucía Oña, Siro Ouro e Candela Recio.

Deseño iluminación: Eduardo Vizuete.



MINISTERIO  
DE CULTURA

INSTITUTO NACIONAL  
DE LAS ARTES  
ESCÉNICAS  
Y DE LA MÚSICA

Colaboran:

Unidade de Igualdade  
Universidade de Vigo

**MARCO**

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

**Bankia**

Coa compliceade de:

**SINSALAUDIO**

Organizan:

**Noes café Teatro**

Asociación  
Cultural



Venda de billetes online:  **laboleta** ou en billeteira, unha hora antes. Prezo: 5€

Información: altvigo@yahoo.es · 666 990 403 · 986 422 541

Servizo de atención cidadá 010 (986 810 260 se chama fóra de Vigo ou móvil)